

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: PLAN DE ADAPTACIÓN DA ESCOLA DE VERÁN 2021 ÁS RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN NON FORMAL, OCIO EDUCATIVO E TEMPO LIBRE ADAPTADAS Á SITUACIÓN COVID-19

ANTECEDENTES:

O Escola de Verán é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo das vacacións de verán comprendido entre o 1 de xullo de 2021 ata o 31 de agosto de 2021. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento da Escola de Verán do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 86, de 8 de maio de 2019.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 11 de dito Regulamento, a escola de verán desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “www.concellodeames.gal”.

A situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19, implica necesariamente a adaptación dos programas de conciliación da vida laboral e familiar ás novas necesidades, polo que se deberán ter en conta medidas de prevención tales como a redución de ratios, aumentar as labores de limpeza e desinfección, determinar os equipos de protección para monitores e usuarios e redefinir as actividades que se poderán levar a cabo sin risco de contaxios.

Con data 13 de xuño de 2020, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia fixo público o documento que recolle as recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas á situación da crise sanitaria do COVID-19. Dito documento foi actualizado con data 16 de novembro de 2020.

Estas medidas e recomendacións inflúen nas ratios monitor/alumno, nos espazos que son necesarios para desenvolver o programa, e nos horarios de entrega e recollida dos nenos, polo que o Concello debe elaborar e facer público antes do inicio do programa “Escola de Verán 2021” o plan de adaptación do programa a ditas medidas e recomendacións.

Non obstante, é previsible que ditas recomendacións e medidas sufran cambios de cara a celebración da escola de verán 2021, polo que á publicación dos plans de adaptación ao contexto COVID-19 se realizarán mais adiante e, en todo caso, antes de que comece o programa.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “Escola de Verán 2021” a desenvolver no período comprendido entre o 1 de xullo de 2021 e



o 31 de agosto de 2021.

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 26 de abril de 2021 ata o 10 de maio de 2021, ámbolos dous días incluídos.

Conforme ao estipulado no artigo 14 do Regulamento da Escola de Verán, todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

Segundo.- Informar que os centros habilitados para a realización do programa son:

Milladoiro

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2020/2021 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil.

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2020/2021 nalgún dos niveis de educación primaria.

Bertamiráns

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2020/2021 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil ou educación primaria.

Terceiro.- Elaborar e publicar antes do inicio do programa o plan de adaptación da Escola de Verán 2021 ás recomendación e medidas que establece a Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre adaptadas á situación COVID-19.

Cuarto.- Establecer, de ser necesario, antes de publicar a listaxe provisional de admitidos e excluídos, o número máximo de prazas dispoñibles para a Escola de Verán. A asignación de ditas prazas farase conforme ao estipulado no artigo 17 do Regulamento da Escola de Verán.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo

